

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2010	PE 410A 2010/4-1
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DA CORUÑA	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	POLIQUETOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ, MERGULLO EN APNEA E MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

<b>Especies</b>	<i>Lumbrineris impatiens</i> e <i>Arenicola marina</i>
<b>Ambito do plan</b>	Ámbito territorial das confrarías de A Coruña e Caión (de Bastiagueiro pequeno a Pedra do Sal).
<b>Subzonas de explotación</b>	<b>A-</b> Pedra do Sal, <b>B-</b> Leira (Campo de Fútbol), <b>C-</b> Leira, <b>D-</b> Leira, (entre Leira e Caión), <b>E-</b> Caión (Praia da Salseira), <b>F-</b> Barrañan (o Relojero), <b>G-</b> Balcobo Pequeno (Praia de Balcobo Pequeno ata Pedra Herba), <b>H-</b> Ripibello, <b>I-</b> Os Castelos, <b>J-</b> Praia de Sabón (A Térmica), <b>K-</b> Suevos (Porto de Suevos ata a fábrica Artabra), <b>L-</b> Bens (praia da Refeneria), <b>LL-</b> Bens (illa Redonda), <b>M-</b> O Portiño, <b>N-</b> Riazor/Orzán, <b>Ñ-</b> San Amaro, <b>O-</b> Bastiagueiro Pequeno

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/personas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
11	2	2
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>	155 (do 16 de marzo ao 29 de outubro)											
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A Pé</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
		X	X	X	X	X	X	X	X			
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
		X	X	X	X	X	X	X	X			

Topes de captura <sup>(6)</sup>		
Especies	A pé (indiv/mariscador/día)	Mergullo (indiv/mergullador/día)
<i>Lumbrineris impatiens</i>	800 en total	800 en total
<i>Arenicola marina</i>		

<b>Artes a empregar</b>	A pé: sachos, pa ou forquita. Mergullo: unicamente poderá realizarse a extracción a man, podendo axudarse cunha panca.
-------------------------	---

<b>Puntos de control</b>	Zona de Suevos-Fábrica ártabra
--------------------------	--------------------------------



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

## Puntos de venda

### Outras consideracións:

**Ámbito do plan:** Correspóndese co ámbito territorial das confrarías de A Coruña e Caión, polo que deberán presentar autorización da confraría de pescadores de Caión para traballar nas praias do seu ámbito, de acordo co establecido no artigo 3º da Orde do 6 de febreiro do 1998, pola que se regula a extracción de poliquetos no litoral de Galicia, **con carácter previo á entrada en vigor do plan.**

**Modalidade:** a modalidade de mergullo proposta neste plan para as embarcacións é a de mergullo autónomo, modalidade non autorizada para a extracción destes recursos dende o ano 2006, sendo unicamente as modalidades autorizadas as de mergullo en apnea e mergullo con subministro de aire dende superficie.

**Puntos de control:** dada a amplitude do ámbito de traballo e que a xestión da explotación non contempla a rotación de zonas, recoméndase establecer algún punto de control a maiores do proposto no plan presentado. Así mesmo, recoméndase elaborar as normas de funcionamento do punto de control e designar ás persoas responsables da organización das quendas. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan.

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao Departamento Territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Mergullo:** Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

**Plan de seguridade:** Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2010.**

**Deberán achegar a seguinte documentación:**

- Informe favorable da confraría de pescadores de Caión con carácter previo á entrada en vigor do plan.